

POLA ELIMINACIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DA CORUÑA (545)

*PROPOSTA PARA UN PROGRAMA DE GOBERNO
ELECCIÓN MUNICIPAL - 28 DE MAIO DE 2023*



MANUEL MONGE
SOCIÓLOGO E VÍTIMA DO FRANQUISMO

MANUEL MONGE

Sociólogo e vítima do franquismo

POLA ELIMINACIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DA CORUÑA (545)

PROPOSTA PARA UN PROGRAMA DE GOBERNO

ELECCIÓN MUNICIPAL, 28 DE MAIO DE 2023

- 1. ELIMINACIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA**
- 2. HOMENAXE E ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO**
- 3. LUGARES DE MEMORIA DEMOCRÁTICA**
- 4. A MEMORIA DEMOCRÁTICA NO ENSINO**
- 5. COLABORACIÓN CON ASOCIACIÓN E INSTITUCIÓN**

ANEXO 1: CRITERIOS PARA A ELIMINACIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA

ANEXO 2: SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NO CONCELLO DA CORUÑA (545)

CAPA: *Retratos dos catro golpistas que están na sala anexa á Alcaldía: Miguel Primo de Rivera, José Calvo Sotelo, Mario Muslera y Planes e Severiano Martínez Anido.*

Hai que recuperar, manter e transmitir a memoria histórica, porque se comeza no esquecemento e termínase na indiferenza.

José Saramago

Dezaioito anos despois da aprobación da Lei 52/2007 de Memoria Histórica e trinta e sete meses despois da aprobación da Lei 20/2022 de 19 de outubro de Memoria Democrática (LMD), aínda quedan 545 símbolos franquistas na Coruña, unha auténtica vergoña! Isto quere dicir que, ademais de leis, cómpre vontade política para acabar cos restos do franquismo. A LMD é aínda insuficiente, pero é un paso adiante, resultado, sobre todo, da actividade do movemento memorialista.

Comunidades autónomas e numerosos concellos de Galiza e de todo o Estado aprobaron leis e mocións das que podemos aprender. Concellos importantes como Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Pamplona, Cádiz, Bilbao, por poñer algúns exemplos, retiraron xa as distincións a alcaldes da ditadura, mentres na Coruña acumulan 30, entre rúas e todo tipo de distincións.

Unha sentenza do Tribunal Supremo de 15 de decembro de 2022 marca xurisprudencia e sinala que para retirar a rúa ou distinción a unha persoa non é necesario demostrar a participación nos tres feitos históricos recollidos na LMD: sublevación militar, guerra civil e ditadura, senón que se considera un acto de exaltación se participou nun deles.

Manuel Monge enviaba en xaneiro de 2019 un amplo informe ao Consello Municipal da Memoria Democrática para eliminar a simboloxía franquista, que se tivo en conta na Memoria que presentaba o Instituto José Cornide en novembro de 2020. Manuel Monge publicaba en 2020 o libro *Os restos do franquismo en Galiza* (Edicións Laiovento) e a A.C. Alexandre Bóveda publicaba en febreiro de 2021 o seu traballo *15 biografías secuestradas*.

Antes das eleccións de 28 de maio de 2023 para elixir os gobernos dos concellos e deputacións, Manuel Monge **presentaba este traballo en marzo de 2023** para contribuír á elaboración dun programa de goberno na Coruña e noutros concellos de Galiza para acabar coa simboloxía franquista e recuperar a memoria democrática, **que se actualiza en xaneiro de 2026**.

A.C. Alexandre Bóveda

1. ELIMINACIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA

Potenciamento do Consello Municipal da Memoria Democrática para executar este programa de goberno, con reunións periódicas e un programa de actividades. Creación dunha **Dirección** de Memoria Histórica, dentro da concellaría correspondente, así como o persoal municipal necesario.

Supresión antes de finalizar 2023 da simboloxía franquista recollida no ANEXO 2, en cumprimento da Lei de Memoria Democrática (LMD), Sentenza do Tribunal Supremo, Orde do Ministerio de Defensa, acordos plenarios da corporación municipal da Coruña, Resolucións do Parlamento Galego, Deputación da Coruña e Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado, do que se derivan os criterios recollidos no ANEXO 1.

Como sinala o artigo 40 da LMD sobre revisión de recoñecementos, honores e distincións, **“as administracións públicas, no exercicio das súas competencias e segundo os correspondentes procedementos, adoptarán as medidas oportunas para revisar de oficio ou retirar a concesión de recoñecementos, honores e distincións anteriores á entrada en vigor desta lei que resulten manifestamente incompatíbeis cos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais, que comporten exaltación ou enaltecemento da sublevación militar, a Guerra ou a Ditadura ou que fosen concedidas con motivo de haber formado parte do aparato de represión da ditadura franquista”**.

Enviar á Administración Xeral do Estado a relación de simboloxía franquista na Coruña, contribuíndo á realización dun **“catálogo** de símbolos e elementos contrarios á memoria democrática coa relación de elementos que deban ser retirados ou eliminados, nos termos do artigo 35” (artigo 36.1. da LMD). Segundo o artigo 36.2, **poderán incluírse nese catálogo “aqueles elementos que se soliciten pola vítimas, os seus familiares ou as entidades memorialistas”**.

Anulación dos expedientes de sancións, despidos e depuración de traballadores/as do concello na ditadura.

Presentación dunha querela nos xulgados pola comisión de crimes polo réxime franquista contra cargos públicos e persoal do concello da Coruña, como un paso máis no camiño da consecución de verdade, xustiza e reparación para a vítimas do franquismo.

Enviar unha carta ás comunidades de veciños/as para que retiren as placas do Instituto Nacional da Vivenda co xugo e as frechas, colocadas no franquismo, e ofrecer a colaboración municipal.

Creación dun espazo, sala ou museo para a recuperación da memoria histórica e democrática onde, ademais, se poidan conservar e expoñer publicamente os escudos, insignias, placas, obras de arte, retratos e outros obxectos retirados, en cumprimento da Lei da Memoria Democrática (proposta da “Comisión de Expertos” de 2009). O cárcere, compatibilizando o uso para actividades sociais, culturais e de creación artística, podería albergar tamén espazos para a memoria histórica e un futuro Museo da Cidade. O informe do Instituto José Cornide de novembro de 2020 tamén recomendaba **“que os retratos que se retiren sexan enviados a un futuro museo da cidade, así como as placas e monólitos”**

Na Casa do Concello de Bilbao e nunha sala específica, separada dos retratos dos alcaldes na democracia, están expostos os retratos de todos os alcaldes e alcaldesa na ditadura, con paneis explicativos da entrada en Bilbao das tropas fascistas o 19 de xuño de 1937 e da represión. Bilbao considerou que estes alcaldes eran ilexítimos e foron retiradas todas as súas rúas e distincións.

En Lisboa, hai un Museo da Ditadura (“Museo do Aljube. Resistencia e liberdade”), con información da loita clandestina contra a ditadura, con imaxes e publicacións; centros de detencións, prisións e campos de concentración; libros e manuscritos da ditadura.

Realizar xestións coas administracións correspondentes para a retirada da simboloxía franquista: Xunta de Galicia, Ministerio de Defensa, Deputación da Coruña, Autoridade Portuaria etc.

Realizar xestións ante Patrimonio Nacional e as herdeiras de persoas distinguidas con medallas na ditadura, para a devolución física das mesmas ao patrimonio da Coruña.

2. HOMENAXE E ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO

“Considérase **vítima** a toda persoa, con independencia da súa nacionalidade, que sufrira, individual ou colectivamente, dano físico, moral ou psicolóxico, danos patrimoniais, ou menoscabo substancial dos dereitos fundamentais desde o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 até a entrada en vigor da Constitución Española de 1978”, concretado nos apartados do artigo 3.1. da LMD.

Liñas de actuación, en aplicación do artigo 1.2. da LMD de recoñecemento de quen padeceron persecución ou violencia, e para promover a súa reparación moral e a recuperación da súa memoria persoal, familiar e colectiva:

Oficina de Atención ás Víctimas do Franquismo con persoal especializado e que atenda de xeito continuado.

Realizar un **censo, no prazo dun ano, de persoas represaliadas** na Coruña polo fascismo, cun apartado específico de traballadoras/es municipais.

Recepción institucional aos familiares das vítimas do franquismo no salón de plenos do Palacio Municipal de María Pita e un **acto no Teatro Rosalía** de homenaxe e recoñecemento a esas vítimas do franquismo.

Colocación dunha placa no Palacio Municipal de María Pita, que lembre e honre todos os cargos públicos e persoas que traballaban no concello e que foron asasinadas ou represaliadas despois da sublevación militar de 1936: alcalde Alfredo Suárez Ferrín, secretario Joaquín Martín Martínez, xefe de negociado Francisco Prego Campos, e decenas de funcionarios municipais.

En cumprimento do artigo 11 da LMD –“As administracións públicas adoptarán as medidas e actuacións necesarias para o **recoñecemento do papel activo das mulleres** na vida intelectual e política, na promoción, avance e defensa dos valores democráticos e os dereitos fundamentais”– realización dun **acto institucional de lembranza ás mulleres represaliadas** e colocación dunha **placa na nova praciña de Atocha Alta**, zona de represión onde vivía “A Corales”. Colocación dunha **placa na rúa Carmen nº 6**, lembrando a casa-refuxio de Alicia Dorado, asaltada o 10 de xullo de 1937.

Que a Comisión Municipal de Honras e Distincións teña en conta, como mínimo, un **criterio paritario de homes e mulleres na aprobación do nome de novas rúas**, cunha discriminación positiva a favor das mulleres, considerando, entre outras propostas, a relación de “112 rúas para A Coruña” que xa presentara a CRMH.

Realizar xestións co Deportivo da Coruña e as peñas para que se realice un acto en **lembranza de Bebel García, xogador do Deportivo**, asasinado polo fascismo con 22 anos.

Por respecto ás vítimas do franquismo, **o Protocolo do Concello non debería invitar aos actos oficiais e institucionais a persoas que ocuparon cargos públicos de alcaldes, gobernadores civís, etc, no franquismo.**

3. LUGARES DE MEMORIA DEMOCRÁTICA

O artigo 49 da LMD sinala como Lugar de Memoria Democrática: “aquele espazo, inmóbel, paraxe ou patrimonio cultural inmaterial o intanxíbel no que tiveron lugar feitos de singular relevancia pola súa significación histórica, simbólica ou pola súa repercusión na memoria colectiva, vinculados á memoria democrática, a loita da cidadanía española polos seus dereitos e liberdades, a memoria das mulleres, así como coa represión e violencia sobre a poboación como consecuencia da resistencia ao golpe de Estado de xullo de 1936, a Guerra, a Ditadura, o exilio e a loita pola recuperación e profundamento dos valores democráticos”.

Seguindo o procedemento do artigo 50 da citada LMD, solicitar como **Lugares de Memoria Democrática**

a nivel galego o pazo de Meirás e a Illa de San Simón. E a nivel comarcal: cemiterio de Santo Amaro, Memorial da avenida de Navarra, Campo da Rata, Punta Herminia, Cárcere, monumento do Portiño, monumento das fosas de Aranga. Todos eles levarán unha xenérica de “Lugares de Memoria Democrática” e unha placa explicativa, se non existise.

Sinalización e conservación deses lugares.

Inclusión dos lugares da memoria na información turística. Elaboración polo Concello, e a disposición do público nas oficinas de turismo, dun **Roteiro das Vítimas do Fascismo**.

Colocación dunha **placa** na rúa San Nicolás (antes había unha ferretería) onde tiña a **librería José María Eirís Carro** (asasinado o 12 de xaneiro de 1937), coa colaboración da familia, da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e da Asociación Galega de Libreiros.

Colocación dunha **placa de homenaxe a Mercedes Romero Abella**, mestra de Monelos, asasinada polo franquismo (a CRMH xa solicitara autorización ao alcalde da Coruña, Javier Losada, o 24 de maio de 2011, para a colocación desa placa no parque de Oza).

Coñecida a lista oficial (4.427) de españois **asasinados no campo de concentración de Mauthausen-Gusen**, deles 108 galegos, render unha homenaxe a estes loitadores pola liberdade, primeiro contra o fascismo en España e despois contra o nazismo en toda Europa. Un **Memorial** que recolla o nome destes galegos asasinados podería levantarse no Campo da Rata, xunto ao monumento ás vítimas da represión franquista, obra de Isaac Díaz Pardo.

Recuperar o monólito no cemiterio de Santo Amaro, como reclamou a CGT, levantado en 2006 por subscripción popular que está bastante abandonado. Lembra as vítimas (catro mulleres e cinco traballadores) que morreron na folga xeral de finais de maio de 1901.

Completar o texto da placa no Campo de Marte, que sinala: “La ciudad de La Coruña en memoria a la labor humana y social de D. Ramón Masesa Reinante que dio su vida por sus principios el 31 de agosto de 1936. 11 de septiembre 1984”. Engadir que era presidente da Agrupación Socialista da Coruña (PSOE) e que foi asasinado polo fascismo en Punta Herminia.

Colocación de placas onde estaba o **Ateneo Libertario Resplandor no Abismo** (na Silva); en **Punta Herminia**, donde se realizaban os fusilamentos, e en As Xubias de donde partían barcos con fugados.

Cumpridos xa máis de 25 anos do selado do vertedoiro de Bens, **poñer o nome de Mártires do Portiño ao novo parque**.

4. A MEMORIA DEMOCRÁTICA NO ENSINO

“O sistema educativo español incluíra entre os seus fins o coñecemento da historia e da memoria democrática española e a loita polos valores e liberdades democráticas, desenvolvendo nos **libros de texto e materiais curriculares a represión que se produzo durante a Guerra e a Ditadura**. A tal efecto, procederase á actualización dos contidos curriculares para Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional e Bacharelato” (artigo 44.1 da LMD).

“As administracións educativas adoptarán as medidas necesarias para que nos **plans de formación inicial e permanente do profesorado** se inclúan formacións, actualización científica, didáctica e pedagóxica en relación co tratamento escolar da memoria democrática, impulsando así mesmo na comunidade educativa o dereito á verdade, a xustiza, a reparación e a non repetición” (artigo 44.2 da LMD).

“A Administración Xeral do Estado **promoverá o coñecemento da memoria democrática** española mediante programas específicos de divulgación que incluírán o relato das vítimas e especificamente a memoria das mulleres” (artigo 48.1 da LMD).

Para potenciar os valores democráticos e a educación en dereitos humanos como ferramenta para fortalecer as garantías de non repetición, e para a mellora da calidade educativa, o concello da Coruña colaborará cos centros de ensino e o profesorado para impulsar políticas públicas dirixidas ao coñecemento da nosa historia e ao fomento da memoria democrática a través da elaboración de diverso

material didáctico sobre os lugares da memoria democrática e a historia da represión franquista en Galiza e, particularmente, na comarca da Coruña. Tamén colaborará nas “**actividades extraescolares** que reforcen suficientemente os contidos curriculares, incluíndo a realización de **visitas guiadas a Lugares de Memoria Democrática**.

Dentro dese traballo divulgativo e didáctico, publicación das biografías de destacadas obreiras e obreiros da comarca coruñesa no século XX, así como das loitas obreiras en defensa das reivindicacións e mellora das condicións de vida e de traballo.

O **Concello da Coruña colaborará cos centros de ensino** para a realización de actividades sobre a recuperación da memoria histórica coa participación de xente que viviu a represión (ex presos políticos e familias das persoas represaliadas), **roteiro dos lugares da memoria**, proxeccións de películas, documentais etc.

Creación dunha **Plataforma de Profesoras e Profesores pola Memoria Democrática**, que facilite a realización coordinada desas actividades.

5. COLABORACIÓN CON ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓN

Apoiar a **coordinación** dos concellos e entidades memorialistas e culturais da nosa comarca que traballan na recuperación da memoria histórica.

Colaboración coas asociacións memorialistas e outras institucións na **localización e exhumación das persoas vítimas do franquismo, que aínda están en fosas comúns**.

Apoio do Concello da Coruña á **Querela Arxentina** para que se xulgue os crimes contra o franquismo, que non prescriben, cometidos durante a Ditadura. O Concello de Barcelona está personado na Querela Arxentina contra os crimes do franquismo desde 2015.

Apoio á derogación da **Lei de Amnistía** de 1977, como repetidamente solicitaron ao goberno varias delegacións da Comisión de Dereitos Humanos da ONU ou, polo menos, do artigo 2.

Apoio á recuperación total do **pazo de Meirás**, tamén con todo o seu contido, para o patrimonio público.

Executar o acordo municipal e presentar no prazo de tres meses unha denuncia no xulgado para recuperar a propiedade da **Casa Cornide** para o patrimonio da Coruña.

Continuar coa colaboración do concello nas actividades relacionadas coa concesión pola CRMH da Coruña da distinción de **Republicana de Honra**.

Colaboración coas actividades da plataforma **Galiza pola República** e o do **colectivos de presas e presos políticos** de Galiza na ditadura.

Participación do concello da Coruña nunha rede de **Concellos Galegos pola República**.

Promover a organización dun **Xuízo Popular á Ditadura Franquista** en abril de 2024 en colaboración coa Cátedra de Memoria Histórica da UDC, historiadoras, xuristas, vítimas do franquismo, entidades memorialistas e distintas institucións. Creación dunha Comisión Organizadora.

ANEXO 1

CRITERIOS PARA A ELIMINACIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA

Período de aplicación

O período de aplicación desta lei é, en xeral, a partir de 1936 até 1978, pero aqueles implicados co franquismo nese período deberían perder tamén as rúas e distincións concedidas en épocas anteriores. Así, o Pleno da **Coruña** do 1-3-2010 retiraba a José Millán Astray a distinción de Fillo Predilecto, concedida o 3-8-1922. O Pleno de **Ferrol** de 2-3-1981, alcaldía do PSOE, retiraba a rúa Ramón Franco, inaugurada en 1930. O Pleno de **Barcelona** do 25-1-2019 acordaba deixar sen efecto o acordo do Pleno de 1929 que solicitaba para o xeneral golpista Severiano Martínez Anido a Gran Cruz de Beneficencia. O Concello de **Sada** retira a Pedro Barrié de la Maza a distinción de Fillo Adoptivo, concedida o 2-10-1922. Miguel Primo de Rivera inauguraba en **Zaragoza** en 1929 un parque que levaba o nome do ditador e un Pleno de outubro de 2010 aprobaba por unanimidade (alcaldía do PSOE, PAR, PP, CHA, IU) cambiar o nome do parque Miguel Primo de Rivera por José Antonio Labordeta. O concello de **Girona** retiraba en 2013 a Miguel Primo de Rivera a distinción de Fillo Adoptivo, concedida en 1926. E, máis recentemente, a ministra de **Defensa**, Margarita Robles, cambiaba o nome da bandeira da Lexión “Comandante Franco” por “España”. A I Bandeira da Lexión créase o 7 de outubro de 1920, sendo o seu primeiro xefe o Comandante *Francisco Franco*.

Lei de Memoria Democrática. Artigo 35.1: “Considéranse **elementos contrarios á memoria democrática** as edificacións, construcións, escudos, insignias, placas, calquera outros elementos ou obxectos pegados a edificios públicos ou situados na vía pública nos que se realicen mencións conmemorativas en **exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar e da Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo** ou das organizacións que sustentaron a ditadura e as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial” [División Azul].

O artigo 1.3 da LMD declara “**ilegal o réxime xurdido da contenda militar iniciada co golpe militar do 18 de xullo de 1936**”. En consecuencia, serán tamén ilegais todos os **cargos nomeados na ditadura franquista**.

A sentenza do Tribunal Supremo (TS) sobre o alcance e significado do concepto de exaltación, axuda a establecer os criterios para a eliminación de elementos contrarios á memoria democrática. Esa sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de 15 de decembro de 2022, sobrea retirada en Madrid da rúa do Xeneral Asensio Cabanillas, que marca xurisprudencia, resolve que pararetirar unha rúa ou distinción dunha persoa non é necesario demostrar a participación nos tres feitos históricos recollidos na lei: sublevación militar, guerra civil e ditadura, senón que se considera un acto de exaltación se participou nun deles.

A Orde do ministerio de Defensa de decembro de 2009 referíase á **retirada de nomes de “militares e accións de guerra”**. Cambiaba, entre outras, o nome da Academia General Básica de Suboficiales de Talarn (Lleida) que levaba o nome de General Martín Alonso, militar golpista e ministro do Exército. Cambiaba a denominación de rúas dedicadas a accións de guerra como Castillo de Olite (buque sublevado) e de militares golpistas como o “heroico” General Moscardó, General Yagüe e General Varela.

A Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado constataba na súa reunión de 5 de febreiro de 2008 que “en numerosos centros educativos teñen escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas nas súas dependencias, ou a súa propia denominación é unha exaltación persoal ou colectiva da ditadura franquista, que é inaceptable nunha democracia como a nosa”. E en aplicación da Lei da Memoria Histórica, aprobaba unha resolución na que solicitaba ás comunidades autónomas e entidades locais a retirada dos vestixios relativos á Guerra Civil e a Ditadura franquista dos centros docentes.

O Pleno da Coruña de 6 de maio de 2019 aprobaba: “Instar o alcalde a que presente a proposta de revogación, instruindo un expediente motivado, para retirar a **Manuel Fraga Iribarne** a distinción de Fillo Adoptivo. Instar o alcalde a instruír un expediente motivado para retirar as diferentes honras e distincións a destacados **alcaldes**, que ocuparon postos de responsabilidade na ditadura”.

O Parlamento Galego aprobaba o 26 de marzo de 2008 unha Proposición non de Lei, instando a Xunta a “eliminar de todos os edificios públicos dependentes da súa administración toda a simboloxía fascista e a promover a supresión dos nomes de edificios que fan referencia a persoeiros representantes ou partidarios da ditadura franquista”.

O Parlamento Galego aprobaba por unanimidade esta resolución no Debate anual de 7 de outubro de 2008. “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos”.

O Parlamento Galego aprobaba, por unanimidade, unha declaración institucional o 18 de xullo de 2016 de “condena do golpe de Estado perpetrado por Franco o 18 de xullo de 1936, o réxime ditatorial consecuencia dese golpe de Estado e os crimes e represión exercidas sobre as persoas vencidas”. “Eliminar os símbolos, as denominacións e referencias franquistas de rúas e edificios públicos”.

A Deputación da Coruña aprobaba o 26 de outubro de 2018, sen ningún voto en contra: “Instar os concellos da provincia a eliminar os restos de simboloxía franquista (escudos, insignias, placas, nomenclátor das rúas, inscricións) distincións, nomeamentos, títulos honoríficos e honores a golpistas, franquistas e demais formas de exaltación e enalteceamento individual ou colectivo da sublevación militar de 1936 e do franquismo, dos seus dirixentes ou das organizacións que sustentaron o réxime ditatorial”.

Segundo as resolucións do Parlamento Galego e Deputación da Coruña, habería que eliminar os honores e distincións a: **referencias franquistas, representantes ou partidarios da ditadura franquista, dirixentes que sustentaron o réxime ditatorial.**

En aplicación da LMD, da sentenza do Tribunal Supremo e das citadas resolucións, habería que retirar as rúas e distincións –segundo a lei, son elementos contrarios á memoria democrática– a estas persoas: **ministros, alcaldes, presidentes e vicepresidentes de deputacións, gobernadores civís e militares, capitán xeneral, almirante, vicealmirante e contralmirante; falanxistas, procuradores nas Cortes franquistas, persoas a quen retiraron o título nobiliario.**

ANEXO 2

SIMBOLOXÍA FRANQUISTA (545) NO CONCELLO DA CORUÑA

A. RÚAS (29)

Avenida Calvo Sotelo. Ministro na Ditadura de Primo de Rivera, fascista e golpista.

Ferrol, alcaldía do PSOE, retiraba a súa rúa no Pleno de 2 de marzo de 1981. En **Curtis**, alcaldía do PP, cambiaron a rúa Calvo Sotelo en Teixeiro por Buenos Aires. **Palencia**, alcaldía do PSOE en decembro de 1999, eliminaba Calvo Sotelo, que pasa a chamarse Praza de León. **Pontevedra**, alcaldía do BNG e co apoio do PSOE, cambiaba en 2002 a rúa Calvo Sotelo “pola súa relación co período histórico do levantamento militar da guerra de 1936 e a represión daquela trágica etapa”, por rúa da Estación. **Marín**, alcaldía do PSOE, aprobaba en 2010 cambiar o nome da rúa Calvo Sotelo por Concepción Arenal. A **Deputación de Pontevedra** aprobaba o 29 de xullo de 2016, por unanimidade, retirar a Calvo Sotelo o título de Fillo Predilecto da provincia, concedido o 8 de xullo de 1950. **Logroño** tamén retirou a súa rúa, sendo alcaldesa do PP Cuca Gamarra.

O informe do Instituto José Cornide propuña a eliminación das rúas e distincións. O artigo 41 da Lei de Memoria Democrática (LMD) retira o título nobiliario de Duque de Calvo Sotelo, con Grandeza de España.

Rúa Hogar Calvo Sotelo

Peirao de Calvo Sotelo

Peirao Almirante Vierna. Militar golpista

Xa foi eliminada a rúa Almirante Vierna no Pleno da Coruña do 7 de setembro de 2009.

O Pleno de **Cádiz** de novembro de 2021, tamén co voto a favor do PSOE, acordaba cambiar a rúa Almirante Vierna por *María la Hierbabuena* (María del Carmen Llovet Muñoz era unha das figuras máis destacadas do Carnaval de Cádiz).

Avenida de Salgado Torres. Falanxista, participante no golpe de Estado de 1936 e na represión.

O concello de **Ferrol**, alcaldía do PSOE, cambiaba en 1981 a rúa Salgado Torres por Alcalde Quintanilla Martínez, socialista fusilado polo franquismo en 1936. O informe do Instituto José Cornide propón a retirada da rúa e honores.

Avenida de Primo de Rivera. Militar golpista. Ditador.

Zaragoza, por unanimidade (tamén cos votos do PSOE e PP), cambiaba o nome do parque Miguel Primo de Rivera por José Antonio Labordeta. **Logroño**, alcaldesa do PP (Cuca Gamarra) cambiaba o nome do golpista por Ateneo Riojano. **Valladolid**, alcaldía do PSOE, cambiaba por Emilia Pardo Bazán. **Palencia**, con alcaldía do PSOE, cambiaba Primo de Rivera por Avenida de la Antigua Florida o 9 de decembro de 1999. **Xirona**, tamén co voto do PSC-PSOE, retiraban a Primo de Rivera a distinción de Fillo Adoptivo en febreiro de 2013, concedida en 1926.

Diego Delicado Marañón. Falanxista, presidente da Deputación na Ditadura (1950-1961).

A iniciativa do Consello Escolar cambiaba na **Coruña** o nome do **IES Diego Delicado** por IES Urbano Lugrís (a petición foi aceptada pola consellería de Educación, sendo Manuel Fraga presidente da Xunta).

Cidade Real (alcaldesa do PSOE) retiraba en febreiro de 2018 a rúa José María Aparicio Arce, presidente da Deputación na Ditadura. O informe do Instituto José Cornide propón a retirada da rúa, retrato e distincións. **Sevilla** (alcaldía do PSOE) retiraba en 2008 a rúa Rafael Benjumea Burín, presidente da Deputación de Sevilla na Ditadura, e cambiaba en 2017 o nome do CEIP Benjumea Burín.

Cabo Ponte Anido. Participante nunha bandeira da Falanxe e na División Azul.

A Coruña xa retirou a rúa División Azul en 2009. O Pleno de **Barcelona** do 25 de xaneiro de 2019 retiraba a Medalla e Ouro a Agustín Muñoz Grande, Xeneral Xefe da División Azul e ministro do Exército. A **Orde de decembro de 2009 da ministra de Defensa Carmen Chacón** retiraba nomes de “militares e accións de guerra”, como a rúa do “heroico” General Moscardó. O informe do Instituto José Cornide propuña a eliminación desta rúa. O artigo 35.1 da LMD considera “elementos contrarios á memoria democrática as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial” [División Azul].

Praza José Toubes. Crego e colaborador na represión.

O Concello de **Madrid** acordaba en decembro de 2016 retirar a Medalla de Ouro ao bispo franquista Leopoldo Eijo Garay. **Vigo** acordaba en 2009, por unanimidade, cambiar o nome do CEIP Doutor Eijo Garay por Illas Cíes. **Zaragoza** eliminaba a rúa Padre Marcellán, capelán castrense, pola súa relación co franquismo. **Valladolid**, alcaldía do PSOE, cambiaba a rúa Mariano Miguel López, párroco de Las Delicias que colaborou cos golpistas en 1936, por *Celtas Cortos*.

Disciplina. Antes Liberdade.

O *Consejo Municipal* de 18 de setembro de 1936 retiraba a rúa *Libertad* porque “pugna abiertamente con el actual movimiento glorioso salvador de España”. A rúa *Liberdade*, ligada desde hai máis de cen anos á historia do barrio de Monte Alto, está hoxe nun “exilio” forzoso no barrio de Vioño.

Salgado Somoza. Antes Progreso.

Non querían liberdade e non querían progreso. A Comisión Permanente de 26 de agosto de 1936 decidía cambiar a rúa *Progreso* por Salgado Somoza (Francisco Salgado Somoza, avogado e natural da Coruña, foi nomeado Abade de Alcalá La Real de Xaén en 1658 e, posteriormente, Presidente do Consello Real de Castela).

Del Palomar. Antes José Martínez Fontenla, dirixente republicano.

Martínez Fontenla era 1º Tenente Alcalde e como Alcalde accidental presidía o Pleno de 1 de outubro de 1912 que oficializa a anexión do concello de Oza ao concello da Coruña. Daba nome a esa rúa no Ensanche coruñés despois do seu falecemento en 1918 e por **acordo unánime** do Pleno municipal presidido polo alcalde Gerardo Abad. O cambio de nome a “Del Palomar” foi decidido polos dirixentes fascistas na Comisión Permanente de 26 de agosto de 1937.

José Fariña Ferreño. Fascista, enlace cos militares golpistas de Andalucía. Participou na represión dirixindo a *Delegación Especial para la Información de Residentes en Territorio Liberado*. Participa no roubo do pazo de Meirás e cando fracasan as subscricións populares, promovidas pola Junta Pro Pazo del Caudillo, para pagar o elevado custo da compra do pazo de Meirás, o Banco de Crédito Local que dirixe Fariña Ferreño concede un crédito de 500.000 pesetas para financiar a compra e as reformas necesarias no pazo de Meirás.

O Concello de **Cádiz** acordaba en xullo de 2018 retirar unha placa co nome de Fariña Ferreño dun grupo de vivendas construídas pola Deputación en 1959. O Pleno de Cádiz de decembro de 2021 aprobaba (votos a favor de Adiante Andalucía e PSOE) cambiar o nome da praza Fariña Ferreño por Margarita Pérez de Celis, gaditana nada no século XIX, editora do xornal *El Pensil* e pioneira do movemento feminista. Tamén retiraban a Fariña a distinción de Fillo Adoptivo, que tiña desde 1968.

A **Asociación Veciñal Iar do barrio do Castrillón** solicitou o cambio de nome desta rúa.

O informe do Instituto José Cornide propón a retirada da rúa, así como a Medalla de Ouro e a Medalla de Prata.

Alcaldes e alcaldesa da ditadura

De toda a simboloxía franquista que queda por retirar no concello da Coruña, 30 está relacionada con alcaldes e alcaldesa da ditadura, que foron designados para o cargo até abril de 1979 que se celebran as primeiras eleccións municipais democráticas. Nos concellos de Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Bilbao, Pamplona, Cádiz, por poñer algúns exemplos, os alcaldes da Ditadura non conservan rúas e distincións. A Coruña non pode ser “un sitio distinto”.

Praza Pintor Sotomayor. Fernando Álvarez de Sotomayor y Zaragoza foi alcalde na ditadura (1938-1939). Significado fascista, acaba o seu discurso na toma de posesión “brazo en alto”, como recolle a acta. Participaba como Terceiro Tenente Alcalde na Comisión Permanente de 3 de marzo de 1938 que acordaba, entre outras, resolver o expediente contra Antonio Montiel Cacharrón, oficial de administración, por motivos claramente políticos: “Afecto al Frente Popular, perteneciente al Partido de Unión Republicana; fue iniciador de una suscripción para pagar al funcionario municipal César Alvajar (procesado por la Jurisdicción de Guerra) los sueldos que no percibió durante la sustentación del sumario”. Sotomayor foi Procurador nas Cortes franquistas de 1958 até o 17 de marzo de 1960. Negociou a compra do pazo de Meirás cos herdeiros de Emilia Pardo Bazán e foi un dos promotores da Junta pro Pazo del Caudillo.

Polo seu papel destacado na exaltación da sublevación militar, exaltación da Guerra Civil e represión da ditadura, o informe do Instituto José Cornide sinala que deben retirarse a rúa, retrato e distincións concedidas polas corporacións municipais franquistas.

José Pérez-Ardá y López Valdivieso. Falanxista da *Vieja Guardia*, alcalde na ditadura (1939-1940), (1943-1944) e (1969 -1974). Combatente co exército sublevado en 1936. Como tenente alcalde da corporación municipal que se constitúe o 18 de agosto de 1938, participa na depuración do funcionariado. Como alférez honorífico do Corpo Xurídico Militar foi membro de tribunais militares con numerosas condenas a morte. En 1938 participa na represión como vogal, en representación da Falanxe, do *“Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas de La Coruña”*. Entre os encausados por este Tribunal figuraban intelectuais e políticos como Ricardo Carvalho Calero, Francisco Pérez Carballo, Manuel Guzmán García, José Miñones, etc. Pérez Ardá presidía, como alcalde accidental, o Pleno municipal do 23 de xuño de 1939 que concede ao ditador Franco a Medalla de Ouro da cidade e o nomeamento de Alcalde de Honra. Procurador nas Cortes franquistas nos períodos 1943-1944 e 1971-1974.

O informe do Instituto José Cornide pide que se lle retiren a rúa, un monólito fronte á piscina de Riazor, dous retratos e distincións.

José Crespo y López-Mora. Alcalde na ditadura (1940-1942). Na súa toma de posesión como alcalde, o Xefe Provincial da Falanxe, o camarada Lorenzo Villalonga Lacave, manifesta no seu discurso: “Hasta mí llegaron continuas quejas de cómo funcionan las oficinas municipales, donde se hizo una mal llamada depuración, existiendo todavía manzanas podridas, que en bien de todos han de ser seriamente extirpadas para que no contaminen a las sanas”. Durante o mandato de José Crespo continúan os expedientes e sancións contra traballadores do concello, especialmente gardas municipais.

Eduardo Ozores Arraiz. Militar golpista, participante na represión. Alcalde na Ditadura (1946-1947). O 18 de xullo de 1936 era capitán no Rexemento de Artilería nº 16 e estaba no núcleo organizador da sublevación militar contra a República, como enlace da súa unidade cos golpistas, en contacto con José Rañal Lorenzo, capitán da Garda Civil Como persoa de confianza dos sublevados, poucos días despois do golpe é encargado da Garda Municipal. Posteriormente participa nas columnas galegas dos golpistas, que combaten en Asturias. Ascende a tenente coronel en xullo de 1944, antes deser designado alcalde. Foi tamén procurador das Cortes franquistas.

O informe do Instituto José Cornide pronúnciase pola retirada do nome da súa praza e do retrato.

Alfonso Molina Brandao. Alcalde na Ditadura (1947-1958). Serviu no exército sublevado de Franco como tenente honorario de enxeñeiros. Entra como concelleiro no Pleno extraordinario do 18 de agosto de 1938, cando se constitúe a nova Xestora Municipal, que preside o alcalde Fernando Álvarez de Sotomayor. Participa na Comisión Permanente de 19 de agosto de 1938 que acorda separar a Luís Vidal Ogén do cargo de Practicante da Beneficencia Municipal, despois do expediente instruído pola Inspección Provincial de Sanidade para depurar a súa “actuación social e política”. Presidente da Cámara da Propiedade da Coruña até 1943, participando en actividades represoras, procesos de depuración laboral, en cumprimento dos decretos da Xunta de Defensa Nacional. Foi unha referencia do franquismo na Coruña e tivo unha estreita relación co ditador e a súa esposa. Como home de palla de Franco, participou no espolio de Meirás, como membro da Junta pro Pazo del Caudillo, e da Casa Cornide.

O informe do Instituto José Cornide considera que se debe retirar a rúa, retrato, monólito en Porta Real e as distincións de Fillo Predilecto e Medalla de Ouro da Coruña.

Sergio Peñamaría de Llano. Fascista de primeira hora, incorpórase como voluntario no exército sublevado en 1936. Participa como tenente da Lexión na represión na comarca de Valdeorras (Ourense) e como fiscal militar nos tribunais contra demócratas e guerrilleiros que loitaron contra a ditadura. Designado alcalde da Coruña (1959-1963).

O Pleno da Coruña de 6 de maio de 2019 aprobaba unha moción instando a alcaldía a que se retiren honras e distincións a alcaldes que participaron na sublevación de 1936, xogaron un papel destacado na represión ou ocuparon postos de responsabilidade na ditadura. O Pleno **do Barco de Valdeorras** do 3 de outubro de 2019 aprobaba, por unanimidade (PSOE, PP, BNG e Riada Cidadá) unha moción para informar

ao concello da Coruña da actuación represiva de Peñamaría nesa comarca. O Pleno do Barco de Valdeorras do 7 de outubro de 2021 aprobaba, novamente por unanimidade, unha moción que sinalaba "cruéis e asasinadas accións de represión ao servizo da ditadura" e do "sinistro paso de Peñamaría pola comarca de Valdeorras". A moción aprobada "insta ao concello da Coruña a tomar en consideración a proposta da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña en orde a substituír a rúa Alcalde Peñamaría de Llano pola de Mártires de Valdeorras". O informe do Instituto José Cornide pide que se retiren os honores concedidos como a rúa e o retrato.

Demetrio Salorio Suárez. Alcalde na Ditadura (1966-1969). Enxeñeiro. Traballa na Sociedad Gallega de Electricidad en 1943 e en Fenosa desde 1947, foi asesor da Presidencia até 1992. Vicepresidente da Xunta de Obras do Porto da Coruña en 1965. Procurador nas Cortes franquistas (1967-1969). No seu mandato construíuse o aparcamento da praza de Pontevedra, coñecido como o "búnker". As protestas conseguiron o seu derrubamento e a remodelación da praza na década dos 80. Tamén pretendeu unha remodelación do "Rellano" (paseo fronte ao Kiosco Alfonso), paralizada pola oposición veciñal.

Jaime Hervada Fernández-España. Alcalde na Ditadura (1974-1976). Avogado e militar, ingresou no Corpo Xurídico Militar, chegando ao cargo de xeneral de brigada auditor do Exército de Terra. Procurador nas Cortes franquistas (1974-1976). Pouco despois de morrer o ditador Franco, Hervada preside o Pleno municipal do 15 de decembro de 1975 que acorda erixir un monumento a Franco na praza de María Pita. O proxecto non se materializou e a primeira Corporación democrática, a iniciativa de Pura Barrio, concelleira de Esquerda Galega na candidatura de Unidade Galega, acordaba facer un monumento a María Pita na súa praza.

José Manuel Liaño Flores. Alcalde na Ditadura (1976-1978).

Concelleiro da corporación franquista en 1946 co alcalde Eduardo Ozores. Participa desde moi novo en responsabilidades relacionadas coa ditadura. O Pleno do 28 de xullo de 1971, que presidía o alcalde José Pérez-Ardá, aprobaba por unanimidade, a proposta do concelleiro Liaño Flores, que o viaduto da praza de Madrid até Linares Rivas levase o nome de "Viaducto del Generalísimo". Manifestouse sempre como admirador de Franco, que cualificaba como "Caudillo excepcional", tamén despois da morte do ditador. Na inauguración da *Avenida del Ejército* na Coruña polos reis Juan Carlos e Sofía o 30 de xullo de 1976, o alcalde Liaño Flores facía referencia ao ditador Franco no seu discurso: "Galicia ha sido arsenal y despensa de hombres y vituallas, sin recibir nada a cambio, de haber dado incluso un Caudillo excepcional para la historia".

Berta Tapia Dafonte. Alcaldesa (1978-1979) antes das primeiras eleccións democráticas de 3 de abril de 1979. Concelleira na Ditadura desde 1973 polo chamado terzo familiar e conselleira do Movemento Nacional.

Tiña relación política co dirixente falanxista Enrique Salgado Torres. Militante da *Sección Femenina de Falange Española y de las JONS*, declarouse sempre como falanxista.

Avenida Barrié de la Maza. Empresario, banqueiro, franquista e participante na represión (depuración do persoal do Banco Pastor após 1936). **Financiou o exército de Franco. Participou no roubo do Pazo de Meirás e da Casa Cornide** da Coruña, para proveito persoal da familia Franco.

Dentro da campaña *Auxilio a Poblaciones Liberadas*, o xornal *Azul* (28-1-1939), órgano da Falanxe, difundía esta noticia: "Reina extraordinario entusiasmo para ayudar a nuestros hermanos liberados en Barcelona. En el Gobierno Civil se están recibiendo cuantiosos donativos en metálico y en especies, destacándose el de la Banca Pastor, que ha hecho entrega de 25 000 pesetas".

Sempre ao servizo da Ditadura e da represión, entre o 4 de outubro de 1937 e o 5 de marzo de 1938 Pedro Barrié, como "Director" do Banco Pastor, informaba en dez escritos ao gobernador civil da Coruña do persoal sancionado, en cumprimento do artigo terceiro do Decreto Lei nº 108 de 13 de setembro de 1936, asinado en Burgos polo xeneral Miguel Cabanellas como presidente da Junta de Defensa Nacional: "podrán ser suspendidos y destituidos de los cargos que desempeñen cuando aconsejen tales medidas sus actuaciones antipatrióticas o contrarias al movimiento nacional". No escrito de 20 de outubro de 1937 dicía Barrié: "Tenemos el honor de comunicar a V.E. que, con fecha de hoy y como continuación a la **labor depuradora** que esta entidad realiza entre su personal, esta Dirección acordó instruir expediente..." [despois viña a relación das persoas represaliadas]. Acababa así: "Quedamos de V.E. con toda consideración, atentos servidores".

Ares cambiaba en abril de 2016 o nome do Colexio Conde de Fenosa, inaugurado en 1973. **Sada** (Pleno de 29-1-2021) retiráballe o nome dunha avenida e a distinción de Fillo Adoptivo, cos votos a favor de Sada Maioría, BNG e PSOE. **Corcubión** (alcaldía do PSOE) aprobaba retirar a Barrié a distinción de Fillo Adoptivo despois da aprobación dunha moción do BNG no Pleno de 20 de xaneiro de 2022 para iniciar o expediente para a retirada da distinción.

A Lei de Memoria Democrática (LMD) retira a Pedro Barrié o título nobiliario de Conde de Fenosa (artigo 41.1). O informe do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses conclúe que polo seu papel destacado no apoio aos sublevados e na represión de traballadores do Banco Pastor que presidía, deben retirarse os honores concedidos, sinalando a avenida que leva o seu nome, retrato e a distinción de Fillo Predilecto.

Dique de Abrigo Pedro Barrié de la Maza.

Benito Blanco-Rajoy Espada. Deputado do Partido Conservador de Eduardo Dato polo partido xudicial de Corcubión en 1920 e 1923. Director xeral de Rexistros e do Notariado en 1921. Deputado das Cortes constituíntes da República de 1931 pola *Federación Republicana Gallega* e deputado nas eleccións de 1933 e 1936 pola CEDA. Como decano dos avogados coruñeses colabora coa Ditadura na depuración ideolóxica dos colexiados e empregados do Colexio de Avogados da Coruña.

Para seguir ocupando un posto de traballo era necesaria unha adhesión inquebrantable ao novo Estado franquista e había que ter certificados de conduta moral e política para acceder aos postos de traballo ou, simplemente, para que os fillos puidesen estudar na Universidade. Numerosos avogados foron depurados e expulsados dos seus respectivos Colexios como Eliseo Antonio Lastres López, que fora representante da candidatura da Fronte Popular nas eleccións de febreiro de 1936 no concello de Vimianzo.

O informe do Instituto José Cornide entende que pola súa participación na depuración dos compañeiros de profesión debe eliminarse o nome da súa rúa.

Ambrosio Feijoo Pardiñas. Estaba xa retirado en xullo de 1936, pero colabora cos sublevados e participa como xeneral en numerosos consellos de guerra contra militares que non apoiaron a sublevación de 1936. Foi xuíz instrutor na causa 413/36 que o 24 de outubro de 1936 levou a un consello

de guerra que condenou á pena de morte os xenerais de División Enrique Salcedo Molinuevo e de Brigada Rogelio Caridad Pita, fusilados o 9 de novembro de 1936, e a reclusión perpetua ao coronel de Artillería, Adolfo Torrado Atocha. Posteriormente, desde finais de 1937 e primeiros de 1938, presidía en Asturias o Tribunal Permanente de Asturias nº 1 que celebrou numerosos consellos de guerra sumarísimos nos que resultaron condenados a morte e con outras elevadas penas a inmensa maioría dos encausados.

O concello de Camariñas aprobaba o 26 de marzo de 2025 una moción do BNG e retiráballe unha avenida (alcaldesa do PSOE con maioría abasoluta).

O informe do Instituto José Cornide considera que pola participación activa na represión na Coruña e Asturias debería perder o honor de ter dedicada unha rúa.

Escalinata Rafael del Río. Rafael del Río y Díaz, como presidente do Sporting Club, abre en xullo de 1936 unha subscripción popular entre os socios, en efectivo e en especie, para o Exército sublevado, aportando persoalmente 100 paquetes de tabaco. En setembro de 1938 aparece relacionado coa *Bandera de Segunda Línea* da Falanxe, coñecidos como *Caballeros de La Coruña**, que eran utilizados pola Policía e Guarda Civil en requisas, queima de libros, detención de republicanos. Foi nomeado para a Xestora Municipal polo alcalde José Pérez Ardá para a Xestora Municipal, sendo presidente da Comisión de Turismo e Propaganda en abril de 1943. Cuarto tenente alcalde e Ponente de Obras en febreiro de 1949 co alcalde Alfonso Molina e continúa como tenente alcalde en 1951. Presidente de Cantigas da Terra en 1952, que o nomea Presidente de Honor en xaneiro de 1958. Participa, xuntamente con Pedro Barrié e Alfonso Molina, en representación da Junta pro Pazo del Caudillo, na venda ante notario do pazo de Meirás pola familia de Emilia Pardo Bazán.

* O comandante Jesús Teijeiro Pérez comezaba a organización de Caballeros de La Coruña o 23 de xullo de 1936 e un mes despois 600 milicianos da *Milicia Ciudadana Coruñesa* realizaba un desfile polas rúas coruñesas. A súa misión era: “coadyuvar con la tropa en la represión y pacificación de las zonas de la provincia (...) atacadas por los elementos subversivos (...) [y] ser la base de una organización militar de elementos civiles que, por su espíritu, han de tener la gloriosa misión de restaurar los valores nacionales (...)”. A rúa *Teniente Coronel Teijeiro* xa foi retirada na Coruña en 2009.

Avenida del Ejército. Inaugurada na Ditadura o 29 de xullo de 1976 como unha homenaxe ás Forzas Armadas da Ditadura. Asistiron os reis (era a súa primeira visita oficial á cidade), o vicepresidente do Goberno para Asuntos da Defensa (tenente Xeneral Fernando de Santiago) e os ministros de Exército (Félix Álvarez-Arenas y Pacheco) e do Aire (Carlos Franco Iribarnegaray), os tres significados militares golpistas, que participaron na sublevación contra o lexítimo e democrático goberno da República. Despois da inauguración houbo un desfile coa participación dunha representación dos corpos da guarnición, Garda Civil, Policía Armada e Lexión.

En **Bilbao** a Avenida del Ejército de 2.700 metros, inaugurada o 28 de xuño de 1937 (nove días despois da entrada na cidade do exército sublevado) cambia de nome o 14 de xuño de 1990 por Lehendakari Aguirre, presidente do goberno de Euskadi. En **Cádiz**, co apoio de Adiante Cádiz e PSOE, eliminan 29 rúas con referencias franquistas en novembro de 2021, entre elas a de *Ejército de África*, que se cambia por Modesta Calvo. O chamado Ejército de África era unha parte do Exército Español, que se sumou á sublevación do 18 de xullo de 1936. Ao día seguinte Franco chegaba en avión desde Canarias para asumir o mando desta forza.

B. RETRATOS (21)

Sisenando Martínez Yunta. Militar golpista, era comandante en 1936. Alcalde na Ditadura (25-11-1937 a 13-1-1938).

Continúa coa represión dos traballadores do Concello, que iniciaran os alcaldes José Fuciños Gayoso e Hernán Martín de Barbadillo Paúl. Presidía o Pleno de 16 de decembro de 1937 que tomaba nota do recurso de reposición interposto polo arquitecto municipal Antonio Tenreiro Rodríguez, que continuou depurado. Ese Pleno e os de 23 e 31 de decembro dese mesmo ano aprobaban a destitución doutros traballadores municipais.

A destitución de Tenreiro no Pleno de 14 de outubro de 1937 tivo unha motivación claramente política: “antecedentes desfavorables de conducta; relacións con significados elementos políticos do chamado Frente Popular e outros realizados con anterioridade ao advenimento do Movemento Nacional, para menospreciar a Gloriosa Bandeira de España”. Tamén resolvía o “expediente contra Enrique Villardefrancos Rodríguez como director médico de los Establecimientos de la Beneficencia Municipal de La Coruña, con el fin de depurar su actuación político-social”.

O alcalde Fuciños informaba no Pleno de 21 de decembro de 1936 do alcance da represión dos traballadores até esa data, camuflada como “bajas”: “Disciplinado plenamente el personal, trabaja con eficacia y su rendimiento es completo. En estos cinco meses se produjeron 122 bajas”. A través das chamadas “oposicións patrióticas”, as persoas depuradas eran substituídas por “Excombatientes, Oficiales Provisionales y de Complemento, personas perjudicadas por la Guerra y de indudable adhesión al Movemento Nacional, Caballeros Mutilados por la Patria” etc., e só o 20% para a quenda libre.

Juan González-Regueral y Álvarez Arenas. Militar golpista, era coronel cando é nomeado alcalde na Ditadura (25-1-1938 a 11-8-1938).

Continúa coa represión e a Comisión Permanente de 3 de marzo de 1938 resolve o expediente contra Antonio Montiel Cacharrón “muy afecto al Frente Popular, perteneció al Partido de Unión Republicana; fue iniciador de una suscripción abierta para pagar al funcionario César Alvajar los sueldos que no percibió (procesado por la Jurisdicción de Guerra) y se le considera desafecto al Glorioso Movemento Nacional”.

Sergio Peñamaría de Llano. Ver rúas.

Eduardo Ozores Arraiz. Ver rúas.

José Pérez Ardá y López Valdivieso. Ver rúas. Retrato de Alfonso Abelenda Escudero.

José Pérez Ardá y López Valdivieso. Retrato de Vicente Eyre Fernández.

Eduardo Sanjurjo de Carricarte. Alcalde na ditadura (1963-1965).

Cando estaba en Valladolid durante a II República, estudando para avogado, Eduardo Sanjurjo era un “camarada de primeira línea” da Falanxe, participando nun tiroteo, dirixido por José Antonio Girón de Velasco, significado falanxista e despois ministro de Franco, contra unha manifestación antifascista.

Sanjurjo de Carricarte ingresa no Corpo Xurídico Militar cando finaliza a Guerra Civil. Era tenente alcalde con 26 anos na corporación que se constitúe o 18 de agosto de 1938, en plena represión franquista e depuración dos funcionarios. No consello de guerra contra o guerrilleiro Manuel Luis Bello Parga “Manolito Bello”, Eduardo Sanjurjo era capitán auditor e participaba como vogal poñente (o capitán auditor Sergio Peñamaría representaba ao Ministerio Fiscal). Era tenente coronel xurídico cando é nomeado alcalde en 1963 e, a proposta do Ministro do Exército, o ditador Franco concedíalle a Gran Cruz da Orde do Mérito Militar con distintivo branco (BOE, 5-10-1964). Foi tamén procurador nas Cortes franquistas (1961-1964).

A iniciativa do consello escolar do CEIP Sanjurjo de Carricarte, o concello da Coruña aproba o cambio de nome por CEIP Torre de Hércules, e cambia o nome da súa rúa por Diplomáticos de Monte Alto.

O informe do Instituto José Cornide sinala que “toda unha vida dedicada, como falanxista, a consolidar o franquismo, motivos suficientes para que se lle retiren os honores concedidos no seu día”.

Diego Delicado Marañón. Ver rúas.

José Calvo Sotelo. Ver rúas.

Miguel Primo de Rivera. Ver rúas.

Severiano Martínez Anido. Militar golpista e ministro de Franco. Ministro da Gobernación en 1925, ocupando tamén a vicepresidencia do Goberno na Ditadura de Primo de Rivera. Cando se inicia a sublevación regresa a España, apoiando ao exército de Franco. Foi nomeado presidente do Patronato Nacional Antituberculoso e xefe dos Servizos de Seguridade Interior, Orde Pública e Fronteiras en 1937, dependente directamente de Francisco Franco. Ministro de Orde Pública no goberno de Franco en febreiro de 1938 (segundo Hugh Tomas, foi nomeado “con el fin de sembrar el pánico entre los republicanos”), organizando a represión policial nas zonas controladas polo goberno de Franco.

O Pleno de **A Estrada** cambiaba a praza Martínez Anido por praza do Mercado en 2006. O concello de **Caminomorisco** de Cáceres (alcaldía do PSOE) retiraba en 2011 a rúa Martínez Anido. O Pleno de **Barcelona** de 25 de xaneiro de 2019 acordaba deixar sen efecto o acordo do Pleno de 1929 para solicitar

ao Consello de Ministros a concesión da Gran Cruz de Beneficencias ao xeneral Martínez Anido. A **Deputación da Coruña** (gobierno PSdeG-BNG) retiraba en 2019 un retrato de Martínez Anido, que estaba na 2ª planta do palacio provincial.

Mario Muslera y Planes. Militar golpista. Cando era xeneral de división apoia a sublevación do 18 de xullo de 1936 e foi designado polo xeneral Mola para dirixir o golpe de Estado en Guipúscoa. Fracasado este, foi xulgado por conspiración contra a República e fusilado.

O concello de **Leganés**, alcaldía do PSOE, retiraba en 2018 ao tenente xeneral José Muslera González, fillo do anterior e tamén golpista, unha rúa e a Medalla de Ouro de Leganés.

Fernando Álvarez de Sotomayor y Zaragoza. Ver rúas.

José Crespo y López-Mora. Ver rúas.

Alfonso Molina Brandao. Ver rúas.

Demetrio Salorio Suárez. Ver rúas.

Jaime Hervada Fernández-España. Ver rúas.

José Manuel Liaño Flores. Ver rúas.

Berta Tapia Dafonte. Ver rúas.

Pedro Barrié de la Maza. Ver rúas.

C. DISTINCIÓNS HONORÍFICAS (28)

Fillos Adoptivos (10)

Severiano Martínez-Anido (Pleno 19-7-1928). Golpista e represor.

José Calvo Sotelo (19-7-1928). Ministro na Ditadura de Primo de Rivera e golpista.

Fernando Álvarez de Sotomayor y Zaragoza (17-10-1945). Alcalde na ditadura.

Diego Delicado Marañón (6-7-1949). Presidente da Deputación na Ditadura.

Constantino Lobo Montero (14-7-1953). Militar golpista.

As Pontes (alcaldía do PSOE, Valentín González Formoso) retiráballe a Medalla de Prata en xaneiro de 2009. **Ferrol** (alcaldía do PSOE) cambiaba a súa rúa por Catalunya o 2 de marzo de 1981.

José Manuel Pardo de Santayana (20-10-1960). Falanxista e gobernador da Coruña.

Numerosos concellos retiraron as rúas e distincións a gobernadores civís na ditadura. **Madrid** retiraba en xuño de 2017 a avenida Conde de Mayalde (José María Finat y Escrivá de Romaní), gobernador civil de Madrid (1939-1940); eliminaba tamén a praza de Carlos Ruíz, gobernador civil de Madrid (1941-1954)

cos votos a favor de Ahora Madrid, PSOE e Cs. O pleno de **Barcelona** de 25 de xaneiro de 2019 (alcaldía de BComú e voto a favor, entre outros, do PSC-PSOE) retiraba a Medalla de Ouro a Antonio Ibáñez Freire, gobernador civil de Barcelona (1963-1966). A Deputación de **Valencia** retiraba o 18 de xullo de 2016 a Medalla de Ouro da provincia a Jesús Posada Cacho, gobernador civil de Valencia (1960-1962).

Manuel Fraga Iribarne (24-12-1968). Falanxista e ministro de Franco.

O Pleno de **Cambados** de 21 de abril de 2017 retiraba unha escultura de Manuel Fraga e a alcaldesa do PSOE declaraba: “Fraga fue ministro con Franco, y existe una Ley de Memoria Histórica que obliga a la retirada de los elementos franquistas de los espacios públicos. Y Fraga nunca repudió los asesinatos cometidos en esa etapa”.

O manifesto **NON QUEREMOS O “CAMARADA FRAGA” COMO FILLO ADOPTIVO**, impulsado por 44 presas e presos políticos de Galiza na Ditadura, tivo o apoio de 63 historiadoras e de 56 entidades de toda Galiza.

Ferrol (alcaldía de Ferrol en Común e votos a favor de PSOE e BNG) retiráballe o 25 de abril de 2019 a distinción de Fillo Adoptivo, concedida en 1965. **Cedeira** (alcaldía do PSOE e voto a favor do BNG, que presentaba a moción) acordaba en marzo de 2020 retirarlle a avenida; e o pleno de 2 de outubro de 2020 aprobaba (votos a favor do PSOE e BNG), iniciar o expediente para retirarlle a distinción de Fillo Adoptivo.

A Coruña (alcaldía de Marea Atlántica e votos a favor do PSOE e BNG) acordaba o 6 de maio de 2019 iniciar o expediente para retirarlle a distinción de Fillo Adoptivo, concedida en 1968.

Gonzalo Caballero, secretario xeneral dos socialistas galegos, apoiaba a decisión dos seus compañeiros, sinalando que había que distinguir dúas etapas, a Ditadura e a Democracia, e que esas distincións na etapa da Ditadura “teñen todo o rexeitamento” do PSdeG-PSOE.

Laureano López Rodó (15-5-1972). Ministro de Franco.

O Pleno de **Compostela** de 19 de xullo de 2018 cos votos a favor de Compostela Aberta, PSOE e BNG retiraba a distinción de Fillo Adoptivo.

Luciano García Machiñena (15-5-1972). Capitán xeneral de Galiza na Ditadura.

A Coruña (alcaldía do PSOE) acordaba o 1 de marzo de 2010 retirar as distincións aos capitáns xenerais de Galiza na Ditadura: Fillo Adoptivo a Francisco Delgado Serrano e Mohamed Ben Mizzian Bel Kasem, e Medalla de Ouro a Fermín Gutiérrez de Soto. A **Deputación de Barcelona** retiraba por unanimidade o 30 de xuño de 2016 a Medalla de Ouro a José Moscardó Ituarte, capitán xeneral da IV Rexión Militar na Ditadura.

Jaime Masaveu Masaveu (15-5-1972). Combate no exército sublevado en 1936. Profesor de Dereito Penal que xustifica o Golpe de Estado. Participaba como representante da España franquista en congresos e foros internacionais.

Fillos Predilectos (6)

Mario Muslera Planes (Pleno novembro 1924). Xeneral golpista.

Severiano Martínez-Anido (19-7-1928). Xeneral golpista.

José Calvo Sotelo (19-7-1928). Ministro na ditadura de Primo de Rivera e golpista.

Alfonso Molina Brandao (26-11-1958). Alcalde na Ditadura.

Pedro Barrié de la Maza (30-3-1950). Franquista e colaborador co exército sublevado.

Enrique Salgado Torres (1975). Falanxista e represor.

Medallas de Ouro (8)

José Calvo Sotelo (19-7-1928). Ministro na ditadura de Primo de Rivera e golpista.

Severiano Martínez-Anido (19-7-1928). Xeneral golpista.

Miguel Primo de Rivera Orbaneja (9-8-1928). Ditador.

Alfonso Molina Brandao (26-11-1958). Alcalde na Ditadura.

José Fariña Ferreño (Pleno 25-9-1962). Fascista, enlace desde Portugal cos golpistas.

Enrique Salgado Torres (27-7-1963). Falanxista e represor.

Eduardo Sanjurjo de Carricarte (15-2-1966). Alcalde na Ditadura.

Pedro Barrié de la Maza (5-4-1963). Franquista. Colaborador co exército sublevado.

Medallas de Prata (1)

José Fariña Ferreño (Pleno 6-6-1950).

Medalla de Bronce (1)

Rei Juan Carlos I (15-3-1976). Nomeado por Franco como o seu sucesor na Xefatura do Estado “para que todo quede atado y bien atado”. Fixo unha gran fortuna en paraísos fiscais e Suíza. Implicado en numerosos casos de corrupcións, fundacións e contas no estranxeiro, maletíns con millóns de euros, agasallos millonarios a “amigas entrañables”, cobro de comisións etc, que nunca foron declaradas á Axencia Tributaria.

Numerosos concellos comezan a retirarlle rúas e distincións polo seu comportamento pouco exemplar. O concello de **Pontevedra** (gobierno BNG, PSdeG-PSOE) acordaba o 15 de febreiro de 2021 retirar a avenida Juan Carlos I como un “acto de xustiza, decencia e hixiene democrática”. O goberno de **Navarra**, presidencia socialista, retiraba o retrato do rei Juan Carlos da Sala de Goberno en xuño de 2020. **Xixón**, alcaldía socialista, cambiaba o nome da avenida Juan Carlos I porque “ya no representa los valores institucionales, morales y democráticos de la sociedad”.

Medallas ao Mérito, categoría de Ouro (1)

Ramón Bermúdez de Castro y Pla (9-12-1964). Militar golpista e gobernador civil na Ditadura. Coronel de Cabalería e delegado gubernativo da Coruña-Carballo en 1925. Gobernador civil de Lugo na ditadura de Primo de Rivera. Cando chega a II República, en 1931, pide o retiro e foi o primeiro presidente de Renovación Española, partido monárquico de Calvo Sotelo. Despois da sublevación de 1936 foi gobernador civil de Lugo (1936-1937) e gobernador militar de Astorga en 1939. Presidente da Caixa de Aforros da Coruña e Lugo e presidente en 1965 da Confederación de Caixas de Aforro.

Alcaldes Honorarios (1)

Miguel Primo de Rivera Orbaneja (9-8-1928). Militar golpista e ditador.

D. ESCUDOS, PLACAS, MONUMENTOS (449)

Monólito ao alcalde José Pérez Ardá, alcalde na Ditadura, xunto á piscina municipal de Riazor.

Monólito ao alcalde Alfonso Molina, alcalde na Ditadura (7-10-1968).

Placa na casa onde naceu Alfonso Molina: “coruñés exemplar” (7-10-1967).

Busto do alcalde Eduardo Sanjurjo de Carricarte, alcalde na Ditadura, detrás do Palacio Municipal de María Pita.

Placa na entrada do cárcere (20-9-1927) con referencia a Don Calvo Sotelo e Don Mario Muslera Planes. Estes dous significados golpistas, son definidos nesa placa como “esclarecidos coruñeses adoptivos”.

Placas con simboloxía franquista do Instituto Nacional da Vivenda (INV) en edificios (421 placas en 131 rúas): Travesía de Colón nº 14; Matadero nº 8; Coronel Cerviño Núñez nº 10, 14; avenida de Hércules nº 85; avenida de Navarra nº 57; Valencia nº 5; Carmen nº 4, Arzobispo Gelmírez nº 3; Cuento nº 12; Santo Tomás nº 6, 22, 30, 56, 66, 76, 102, 104, 55, 59; Rioja nº 19; Faro nº 18, 23; Friol nº 7; Padre Rosendo Salvado nº 6; Doctor Ferrant nº 12, 24, 34, 47; Arenal nº 10, 26, 51; Alcalde Abella nº 8, 20; Forcarey nº 47; Ciudad de Sada nº 4, 6; Monte Alto nº 38, 40, 42; San Tirso nº 6; San Antonio nº 5, 34; Ronda de Monte Alto nº 10, 12, 19; Ponte Anido nº 2; Independencia nº 13, 24; Salgado Somoza nº 2; Miguel Servet nº 12; Callejón García nº 3; San Roque nº 9, 11; Orillamar nº 15, 24; Travesía Orillamar nº 7; Travesía Fuente Seoane nº 6; Varela Silvari nº 38; Cuesta de San Agustín nº 1, Herrerías nº 22; De la Amargura nº 33; Sinagoga nº 10; Ciega nº 4; Juan Flórez nº 43, 140; Vales Villamarín nº 2; Avenida de Oza nº 39, 45, 53, 61, 80, 137, 169, 175; Nueva Travesía Buenavista nº 3, 4, 5, 6, 7, 8, 10, 11, 13; Canteira de Eirís nº 6; Monte das Moas nº 5, 6; Avenida da Concordia nº 4, 184, 186, 188, 190, 199, 201, 203; Antonio Noche nº 15, 32, 34; Javier López López nº 3; Vila de Ordes nº 1; Rafael Báñez Vázquez nº 12; Eugenio Carré Aldao nº 6, 8, 14, 7, 9, 21, 27; Francisco Catoira nº 17, 19, 35, 47; San Vicente nº 8, 16, 18, 20, 15, 43, 49, 50, 55; Ángel Senra nº 8, 14, 23, 39; Capitán Juan Varela nº 32, 34, 27; Ramón Menéndez Pidal nº 17, Ronda Outeiro nº 110 A, 111, 160, 172, 275; Noia, 52; Marqués de Figueroa nº 8, 12, 14, 16, 18, 22; Perpetuo Socorro nº 3, 7; Alcalde Marchesi nº 15; Avenida Finis terra nº 63, 65, 106, 116, 129, 226, 250, 274; Avenida Calvo Sotelo nº 43, Federico Tapia nº 63, 73; Avenida Peruleiro nº 9, 10; Villa de Negreira nº 29, 45; Bellavista nº 6, 9, 14, 18; Barcelona nº 1, 64, 70, 78, 93, 94, 121; Páramo nº 3, 4, 15, 18, 30, 31, 32, 34, 35, 38; Pascual Veiga nº 18, 19, 20, 22, 25, 28, 35, 40, 52, 58, 60; Entrepeñas nº 3, 5, 6, 8, 32, 34, 37, 39; Fuente Álamo nº 5, 6, 7, 9, 10, 16; Avenida Gramela nº 9, 10 e 13; Vila de Cee nº 11, 14, 16 e 18; Comercio nº 2, 5, 7, 9, 13 e 16; Antonio Pedreira Ríos nº 2, 44; Alcalde Lens nº 7, 10, 11, 30; Andrés Gaos nº 7, 19, 24, 36, 40; República Dominicana nº 2; Rodrigo A. de Santiago nº 36, 40, 47, 62, 66; Monasterio de Moraima nº 4, 11; Mosteiro

de Xubia nº 2; Alfredo Tella nº 3, 5, 6, 7; Adra da Bragua nº 4, 5, 6, 11, 20, 22, 41, 44, 45, 46; Teixeira Pascoaes nº 6; Panamá nº 5, 8; Cuba nº 14; Avenida Conchiñas nº 30; Corcubión nº 8, 13; Meira nº 5, 8, 18; Tornos nº 3, 25; San Lucas nº 2, 4, 6, 7, 8, 10, 11, 15, 16, 17; Santander nº 6, 7, 8; Paz nº 3, 19, 21; Vizcaya nº 36, 53, 60, 62; Antonio Viñes nº 13, 31; Sagrada Familia nº 2, 3, 15, 23; Ramón Cabanillas nº 13, 8, 14; San Leopoldo nº 3, 7; Galerías Santa Margarita nº 3; Fe nº 6; Nuestra Señora de la Luz nº 3, 10, 13; San Leandro nº 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13; San Isidoro nº 2, 4, 5, 12, 16, 34, 42, 44, 46, 48, 50; Alberto Datas Panero nº 18; Maravillas nº 4, 18, 20; González del Villar nº 12, 14, 16, 18; Ángel del Castillo nº 16; Praza San Cristobal nº 3; Avenida da Sardiñeira nº 3, 5, 8, 15, 16, 26, 34; Filipinas nº 5; Puerto Rico nº 2, 3, 7; Europa nº 9; San Rosendo nº 1, 8, 10, 12, 14, 35, 45, 50; San Luis nº 44-49; Diego Delicado nº 2, 4, 5, 12, 13, 14; Pintor Germán Taibo nº 7, 11; Baldaio nº 4, 6, 8, 9, 16, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24; Pedroso nº 13; avenida dos Mallos nº 74, 82, 92; Federico Tettamancy nº 7, 8, 12, 13, 14, 16, 17, 23; Falperra nº 38, 42, 57, 59, 63, 71; Alcalde Soto González nº 2; Alfonso VII nº 11, 24; Inés de Castro nº 1, 11; Médico Durán nº 15, 22; Pasadizo de Pernas nº 6; Doctor Fleming nº 13, 14, 15, 22, 23, 24, 25, 26, 30; Antón Vilar Ponte nº 3, 8, 13, 15; Sinfiriano López nº 11, 15, 27, 29, 35, 40, 44, 45, 47; Juan Castro Mosquera nº 15, 31, 24, 72, 74; Monte das Moas nº 4, 6.

O Concello de Barcelona xa retirou 1.100 placas do INV. O Concello de Paterna (Valencia) acordaba en marzo de 2011 por unanimidad (alcaldía do PP) retirar 343 placas do INV.

Placa no aparcamento subterráneo de María Pita co texto: “Saída P. Millán

Astray”. Grupo de vivendas Pardo de Santayana en Labañou.

Placa con referencia a Liaño Flores fronte á entrada no salón de plenos do Palacio Municipal de María Pita.

Baixorrelevo de madeira de Liaño Flores cos reis Juan Carlos e Sofía na entrada do salón de plenos.

Placa no Dique de Abrigo a Pedro Barrié de la Maza.

Placa “Sala Pedro Barrié de la Maza” na Autoridade Portuaria da Coruña.

Retrato de Pedro Barrié na galería de presidentes da Autoridade Portuaria.

Cruz gamada nazi no cemiterio de Santo Amaro, detrás dun muro.

Nicho no cemiterio de Santo Amaro co xugo e as frechas e o texto: “¡¡Camaradas Caidos!!
¡¡Presentes!!”.

Monólito na estación de ferrocarril de San Cristobal con referencia a tres golpistas: Severiano Martínez Anido, Miguel Primo de Rivera e José Calvo Sotelo

Monólito coa inscrición “Avenida de la Marina” e o escudo da Armada, nos xardíns de Méndez Núñez. Non ten nada que ver co nome tradicional desa avenida e só pretendía unha exaltación do Exército sublevado, contrario á Lei de Memoria Democrática.

Inaugurado na Ditadura o domingo 5 de agosto de 1973, dentro dos actos do “Día de la Marina”, organizado polo concello da Coruña, sendo alcalde José Pérez-Ardá, como homenaxe á Marina de Guerra Española. Celebrouse unha misa de campaña, oficiada por José Cerviño Cerviño, bispo de Santiago. Participaron numerosos mandos militares, entre eles significados golpistas: almirante Gabriel Pita da Veiga, ministro da Mariña; incorpórase desde o principio en As Palmas de Gran Canaria á sublevación do 18 de xullo de 1936, procurador nas Cortes franquistas desde 1973 e conselleiro nacional do Movemento

desde 1974; tenente xeneral Miguel Guerrero García, xefe do Primeiro Sector Aéreo; incorporado ao exército sublevado en 1936, participa no bombardeo de Xaén, que provoca 157 mortos e 280 feridos, máis que en Guernica.

O significado deste monólito, que pretendía rebautizar o nome tradicional desta avenida, era explicado polo xornalista José Manuel Gutiérrez no seu artigo “La Marina: la calle más fotografiada” (*La Opinión*, 8-5-2009): “El nombre de La Marina hace alusión al carácter de paseo marítimo que tuvo esta avenida en sus orígenes. Durante el periodo franquista se quiso identificar a esta avenida con la institución de la Armada española, para lo que incluso se ubicó un monolito con el escudo de este ejército al comienzo de la calle. Sin embargo, el intento de imprimirle un carácter militar a La Marina no cuajó, puesto que los coruñeses siempre han asociado este nombre con su proximidad a la bahía”.

Placa na casa onde naceu Barrié de la Maza na praza de María Pita: “ejemplar coruñés” (17-12-1988).

Referencia a “Conde de Fenosa”, título nobiliario que xa non existe, na fachada do edificio da Fundación Barrié de la Maza no Cantón Grande da Coruña.

Placa co nome de “Aparcamiento Público Salgado Torres”.

Sinais de tráfico “Hospital Juan Canalejo” (2): Cruce Avenida do Exército con Ronda de Outeiro (1) e rotonda para túnel de Eirís e Porto (1).

Panel con referencia a “Centro asistencial más próximo. Complejo Hospitalario Juan Canalejo” en Área de Juegos Infantiles Matogrande-Alfonso Molina.

Placa na polideportiva nº 2 de Riazor dedicada a Arcadio Vilela Gárate en xuño de 1956.

O concello da Coruña xa retirou en 2009 a rúa Arcadio Vilela Gárate.

E. SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DEPENDENTE DO MINISTERIO DE DEFENSA (14)

Escudo (1) coa aguia franquista nunha vidreira na porta do comandante de garda no **Cuartel de Atocha** da Forza Loxística Operativa (FLO).

Palacio de Capitanía Xeneral (2). Nunha colección de bandeiras de España por períodos históricos e despois da bandeira da II República, evita poñer que a bandeira corresponde á Ditadura.

Placa “SALA DE HONOR Tte. Gral, Yagüe”.

Juan Yagüe é coñecido popularmente como o “Carnicero de Badajoz” polo asasinato de 4.000 persoas polo exército franquista na praza de touros desa cidade. Sendo Carmen Chacón ministra de Defensa e en aplicación da Lei de Memoria Histórica, a Residencia General Yagüe de Burgos pasa a denominarse *Dos de Mayo* e o Centro Deportivo Militar General Yagüe pasa a *La Deportiva*. O Concello de Madrid tamén retiraba a rúa General Yagüe o 28 de abril de 2017 cos votos a favor de Ahora Madrid, PSOE e Cs, e abstención do PP. Logroño retiraba a rúa General Yagüe o 12 de febreiro de 2020 e o pleno de Burgos de 6 de outubro de 2017 retiraba a Yagüe a distinción de Fillo Adoptivo e a Medalla de Ouro. Pero o Ministerio de Defensa mantén na Coruña esta distinción a un significado falanxista e golpista como Yagüe.

Museo Histórico Militar (11). Non fai referencia á ditadura, nin a Franco como ditador, nin a

militares golpistas. Son textos descontextualizados, que converten este museo nun elemento de exaltación do franquismo:

Guerra civil e II Guerra Mundial. Nun texto informativo, a sublevación ou golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, é presentada así: “La Guerra Civil Española 1936-1939 fue un enfrentamiento ideológico con fuerte carga política”. Como contraste, no artigo 1.3 da LMD “Repúdiase e condénase o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 e a posterior ditadura franquista, en afirmación dos principios e valores democráticos e a dignidade das vítimas. Declárase ilegal o réxime xurdido da contenda militar iniciada con dito golpe militar”.

Retrato do rei Juan Carlos I. Está acompañado dun texto sobre o éxito da transición da ditadura á democracia, que sinala: “Una parte esencial de tanto mérito se debe, sin duda alguna, a la determinación de Juan Carlos I”. A realidade é que acabamos coa ditadura “como consecuencia dos movementos sociais antifranquistas e de diferentes actores políticos”, como sinala o artigo 1.3 de LMD.

O 22 de xullo de 1969 e ante o Pleno das Cortes, o ditador Franco propón a instauración da monarquía do Movemento e a Juan Carlos como o seu sucesor para que “todo quede atado y bien atado para el futuro”. O 23 de xullo de 1969 Juan Carlos aceptaba o ofrecemento do ditador e cando Antonio Iturmendi, presidente das Cortes, pregunta a Juan Carlos, este reponde: “Sí, juro lealtad a Su Excelencia el Jefe del Estado y fidelidad a los Principios del Movimiento Nacional y demás Leyes Fundamentales del Reino”. A continuación, Juan Carlos recoñecía a lexitimidade da Ditadura, resultado da sublevación, e os “sufrimientos necesarios”: “Quiero expresar en primer lugar, que recibo de su Excelencia el Jefe del Estado y Generalísimo Franco, la legitimidad política surgida del 18 de julio de 1936, en medio de tantos sacrificios, de tantos sufrimientos, tristes, pero necesarios, para que nuestra patria encauzase de nuevo su destino”.

Nunca condenou a ditadura e sempre manifestou un grande afecto e admiración polo ditador. Estaba tan agradecido a Franco e á súa familia que seis días despois da morte do ditador, un Decreto do 26 de novembro de 1975, concedía o título nobiliario de Señorío de Meirás, con Grandeza de España, á súa viúva. Manifestaba “afecto y admiración a la egregia figura de dona Carmen Polo de Franco”, e cualificaba 40 anos de ditadura como “gloriosa etapa histórica de nuestra patria”.

Retrato de Alfonso XIII. O texto subliña: “La historiografía más templada nunca le ha negado la voluntad y deseo de gobernar a favor de la concordia entre los españoles”. Esa non era a valoración das Cortes Constituíntes que “declaran culpable de alta traición... el Tribunal soberano de la nación declara solemnemente fuera de la ley a don Alfonso de Borbón y Habsburgo-Lorena”

Busto do ditador Franco, de Francisco Asorey.

Retrato do ditador Franco pintado en 1950 por Fernando Álvarez de Sotomayor. Hai unha referencia dos méritos artísticos deste pintor, pero esquece que foi significado fascista, que toma posesión como alcalde da Coruña en 1938 e que acaba o seu discurso “brazo en alto”, como recolle a acta; procurador nas Cortes franquistas, negociou a compra do pazo de Meirás cos herdeiros de Emilia Pardo Bazán e foi un dos promotores da *Junta pro Pazo del Caudillo*.

Castillo de Olite (3). Maqueta, foto e bandeira deste buque, sen contextualizar. O texto non indica que era un barco da Armada sublevada.

Sergio Peñamaría de Llano (2). Uniforme coas condecoracións, “Donación D. Sergio Peñamaría de Llano. Auditor General del Ejército. Alcalde de La Coruña”. Ademais, está exposta unha pistola de Peñamaría: “Pistola Star Mod. Super (con corredera de plata)”. Non explica que era tenente da Lexión na represión

na comarca de Valdeorras e alcalde da Coruña na ditadura; que participou como fiscal militar nos tribunais contra demócratas e guerrilleiros que loitaron contra a ditadura.

Mosquetón de Foucellas. Presentado así: “Mosquetón Mauser español, modelo 1916, pertenencia atribuída a Benigno Andrade García”. Non se explica que Foucellas era membro da guerrilla antifranquista, que loitou contra a ditadura e que é considerado como vítima no artigo 3.1.f da LMD.

F. CENTROS DE ENSINO (4)

CEIP Salgado Torres. Ver rúas.

CEIP Sal Lence

Jerónimo Sal-Lence Hervada era voluntario no exército sublevado en 1936. A familia publicaba unha esquela, lembrando a súa militancia falanxista, antes da sublevación do 18 de xullo de 1936: “DON JERÓNIMO SAL-LENCE HERVADA. Médico del Cuerpo de Sanidad Militar y Camisa Vieja de F.E.T. Murió gloriosamente por Dios, por España y por nuestra Tradición el 27 de octubre de 1936, en el frente de Oviedo”.

O IES Calvo Sotelo, dependente da Deputación da Coruña (gobierno PSdeG-BNG), cambiou o seu nome por Rosalía Mera en xaneiro de 2021.

A iniciativa do consello escolar, o Pleno do concello da Coruña aprobaba o cambio de nome do CEIP Montel Touzet (“tres caídos en los frentes de batalla en defensa de Dios y de la Patria”) por CEIP Cidade Vella, e o CEIP Sanjurjo de Carricarte por Torre de Hércules.

Fogar Infantil Emilio Romay (depende da Deputación da Coruña)

Emilio Romay Montoto, avogado, alcalde de Betanzos (1924-1929) na ditadura de Primo de Rivera. Falanxista. Nos documentos internos da Falanxe aparece esta referencia de Emilio Romay Montoto: “Militante. Ocupó la alcaldía citada y más tarde la Presidencia de la Diputación”. Persoa de confianza dos sublevados o 18 de xullo de 1936, formaba parte da nova Comisión Xestora da Deputación que se constitúe o 29 de outubro de 1938. Presidente da Deputación na ditadura franquista (28-10-1939 a 10-2-1950). Procurador nas Cortes franquistas (1946-1949).

IES Rafael Puga Ramón (depende da Deputación da Coruña)

Médico pola USC en 1932, substitúe a Diego Delicado como presidente da Deputación da Coruña (1961-1970). Procurador nas Cortes franquistas de 31-5-1961 a 6-6-1964. Conselleiro Nacional do Movemento en representación da Deputación. A acta da reunión da Corporación Provincial de 27 de setembro de 1961 recolle: “Se da cuenta de la audiencia concedida por el Generalísimo Franco el día 11 de septiembre de 1961 en el Pazo de Meirás, en la que se impuso la 1ª Medalla de Oro de la Provincia, manifestando el Sr. Presidente su inquebrantable adhesión de la Corporación a Su Excelencia el Jefe del Estado”.